

Preliminary considerations

The iBroLiT (Ibero-Romance Studies in Literature and Translatology) academic collection intends to provide a platform for the research community in the fields of Galician literature, Portuguese literature and translatology, for the publication of high-quality scholarly works. These works undergo a rigorous selection process and are individually peer reviewed with the specialization that each case requires.

Prerequisites

1. The editorial board will revise all manuscripts that are submitted for publication in the iBroLiT collection. The board will initially assess each manuscript's relevance to the thematic lines of one of the three subseries (LiCo, MedS, TranS), as well as its academic quality. They will consider the relevance and novelty of the research, the originality of the methodological perspective, the quality of the contribution, and the bibliography's contemporary relevance.
2. Manuscripts submitted for publication should be a previously unpublished work based on research of national or international relevance in the author's field of expertise, or a collective volume with one or more coordinators.
3. Manuscripts must be sent to the members of the collection's editorial board (Burghard Baltrusch, Teresa Bermúdez Montes and Gabriel Pérez Durán; bermudezteresa@uvigo.es). They must be completely finished, with an introduction and conclusion in the case of a monograph or an introduction in the case of a collective volume, accompanied by a detailed index by theme and by name.
4. They must include the required summaries, as specified in the collection's *Guidelines for book proposals* i.e. a brief summary of 600 words and an extensive summary of 4000 words. These should be in the original language, and they will subsequently be translated into English.
5. The manuscript should conform in so far as possible to the iBroLiT collection's established technical guidelines.

Editorial process

The editorial process for a volume within any one of the series in the iBroLiT collection consists of the following stages:

1. Project presentation and project acceptance protocol

Authors interested in submitting an academic book for publication in the iBroLiT collection should present their project to the editorial board in electronic format (.doc, .odt). This project should include an index or a structural outline of the volume, a summary of the book or the book's chapters in the case of a collective volume, and an excerpt of the content that would allow for an initial assessment of the proposal's interest, relevance and innovation.

Following this initial revision, the suitability or otherwise of the proposal is evaluated within the framework of the collection's aims and the GAELT group's interests, and those responsible for the project are informed of the decision.

2. Submission of the finished manuscript to the editors

Once a project has been accepted for publication, authors or volume coordinators will submit a complete and finished version of their project in electronic format (.doc or .odt) in accordance with the established editorial guidelines.

The original text is thoroughly revised by the editorial board and will then be sent for external evaluation by specialists in the given subject field (double blind/peer review). This conforms to the acceptance protocol framework and serves to ensure that the project meets the currently established quality criteria. These specialists will report back on the material's suitability through a form provided by GAELT. The length of the revision pe-

riod varies depending on each case, but it can last up to six months.

If major corrections are required (sentences, paragraphs, bibliography problems etc.), the text will be returned to allow the author or coordinator to address these matters. The editorial board will work with the author or coordinator to resolve any issues.

Minor errors will be corrected by the editorial board before moving on to the next stage where the text is sent for layout design.

3. Text is sent for layout design

Following the revision process, the text will be sent to the layout designer who will prepare a draft version. The editorial board will forward this version to the book's author or coordinator in order to make any necessary corrections.

ny corrections that are made at this stage must be within the layout limits, thus it is not possible to add extensive passages. Any modifications after the layout process must therefore be minimal.

4. Submission to publisher

Following the layout revision, the editorial board will send the definitive text to the publisher, Frank & Timme (Berlin, Germany).

The publisher, Frank & Timme, is responsible for adding the cover design and the title credits to the volumes in the iBroLiT collection. It will also format the volumes according to its own corporate design, and that of the collection.

Other considerations

The intellectual property rights of each book will be registered according to current legislation.

The iBroLiT collection editorial board is neither responsible for their author's opinions, nor their scientific judgement.

Any situation that is not stipulated in these terms and conditions will be resolved by the editorial board.

Publication proposals should be sent to the acquisition editor, Teresa Bermúdez Montes (bermudezteres@uvigo.es).

Consideración preliminar

A colección académica iBroLiT (Estudios Iberorrománicos de Literatura e Tradutoloxía) pretende ofrecer á comunidade investigadora no ámbito da literatura galega, da literatura en lingua portuguesa e da tradutoloxía unha plataforma para a publicación de traballos académicos de calidade, que serán sometidos a un rigoroso proceso de selección con avaliación por pares, coa especialización que requira cada caso.

Condições previas

1. Os manuscritos que se presenten para seren publicados na colección iBroLiT pasarán, en todos os casos, a supervisión do comité editorial (Editorial Board) da colección. Este valorará inicialmente a súa adaptación ás liñas da colección, nalgún dos seus tres ámbitos (LiCo, LitMed, TranS), así como a súa calidade científica. Teranse en conta a pertinencia e a novidade da investigación, a orixinalidade da súa perspectiva metodolóxica, a calidade da achega presentada e a actualidade das fontes bibliográficas.
2. O obxecto de publicación será un manuscrito inédito, produto dun traballo de investigación de impacto nacional ou internacional, nas áreas de competencia da autora/a, ou ben un volume colectivo coordinado por unha ou varias persoas.
3. O manuscrito deberá ser entregado aos membros do comité editorial (Burghard Baltrusch, Teresa Bermúdez Montes e Gabriel Pérez Durán; bermudezteresa[at]uvigo.es) da colección completamente rematado, con introdución e conclusión (no caso das monografías) e introdución (no caso de volumes colectivos), índice analítico (temático e onomástico).
4. Deberán incluírse os resumos consignados nas “Normas de edición” da colección (resumo breve e resumo extenso, de 600 e de 4.000 palabras) na lingua orixinal que serán traducidos ao inglés.
5. En calquera caso, o manuscrito deberá aproximarse o máis posible ás normas técnicas establecidas da colección iBroLiT.

Proceso de edición

O proceso de edición dun volume en calquera das series da colección iBroLiT consta das etapas seguintes:

1. Presentación do proxecto e protocolo de aceptación de proxectos

As autoras/es interesadas/os en someter a publicación dun libro académico na colección iBroLiT presentarán un proxecto ao comité editorial. Neste proxecto en formato electrónico (.doc, .odt) figurarán un índice ou esquema da estrutura do volume, un resumo do libro (ou dos capítulos de libro, de tratarse dun volume colectivo) e un fragmento do contido, que permitan avaliar inicialmente o interese, achega á área de investigación e innovación da proposta.

Revisada esa proposta inicial, avaliarase a conveniencia ou non da súa publicación, no marco dos obxectivos da colección e dos intereses do grupo GAELT, e informarase desta decisión á(s) persoa(s) responsable(s) do proxecto.

2. Entrega do orixinal rematado ao grupo de editores

Unha vez comunicada a aceptación do proxecto de publicación, as/os autoras/es ou coordinadoras/es responsables do volume entregarán unha versión completa e rematada deste en formato dixital (.doc ou .odt), acorde coas normas de edición establecidas.

O comité editorial da colección revisará a fondo todo o texto. Finalizado ese proceso de lectura, enviarase o orixinal a avaliadores externos relevantes na súa especialidade para a súa avaliación (dobre cego / peer review), no marco dun protocolo de aceptación de orixinais que garanta o cumprimento dos criterios de calidade establecidos na actualidade. Estas/es especialistas informarán so-

bre a idoneidade científica do contido e reflectirán o seu ditame no formulario proporcionado pola colección. Segundo os casos, o prazo de revisión de orixinais pode durar ata seis meses.

De seren precisas correccións importantes (frases, parágrafos, problemas coa bibliografía, etc.), o texto será enviado de volta ao autor/a ou coordinador/a para que dea resposta ás demandas. Os membros do comité editorial traballarán e debaterán as opcións co(a) autor/a ou coordinador/a.

De haber erratas leves, estas serán corrixidas polo comité editorial antes de pasar á seguinte fase do proceso (envío do texto a maquetación).

3. Envío do orixinal a maquetación

Superada a fase anterior, faráselle chegar o texto á maquetadora, quen preparará unha versión previa. Esta versión será enviada aos membros do comité editorial quen, á súa vez, a farán chegar á(s) persoa(s) responsable(s) do libro (autoría, coordinación) para que se efectúen as consideracións e correccións oportunas.

En calquera caso, estas correccións deberán ser realizadas dentro do límite da maqueta, de xeito que non poden ser engadidos fragmentos extensos.

Xa que logo, as modificacións que se fagan a posteriori da entrada do volume no proceso de maquetación serán necesariamente mínimas.

4. Envío á editorial

Unha vez rematada a fase anterior, o texto definitivo xa maquetado será enviado polo comité editorial á editorial Frank & Timme (Berlín, Alemaña).

É a editora Frank & Timme a responsable de introducir a portada e os títulos de crédito dos volumes da colección iBroLiT, así como de introducir os formatos acordes coa imaxe corporativa da editora e da colección.

Outras consideracións

A propiedade intelectual do libro será rexistrada segundo o establecido na lexislación vixente.

O comité editorial da colección iBroLiT non se responsabiliza das opinións das/os autoras/es nin dos seus xuízos científicos.

Calquera situación non estipulada nestas bases será dirimida polo comité editorial.

As propostas de publicación enviaranse á responsable da coordinación editorial, Teresa Bermúdez Montes (bermudezteres@uvigo.es).